

## **Convenio de empresa de Pedro Beneitez Souto (panadaría) de Ourense (Anos 2004-2005)<sup>1</sup>**

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

No aspecto territorial este convenio afectará a empresa Pedro Beneitez Souto con domicilio en Ribela-Coles na provincia de Ourense e nos seus locais ou sucursais se existisen.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O convenio afectará a totalidade do persoal que presta os seus servizos na empresa así como os que se incorporen despois. A empresa está encadrada na industria de panadaría.

Artigo 3º.-Vixencia.

O convenio entrará en vigor o día do seu asinamento e os seus efectos comezarán nesa data.

Artigo 4º.-Duración do convenio.

A duración deste convenio será ata o 31 de agosto de 2005, que será prorrogado tacitamente por períodos anuais, sempre que non sexa denunciado por calquera das partes de acordo cos preceptos legais existentes no seu momento, e se produza cun aviso previo de 3 meses. No momento da finalización do convenio, manterán a súa vixencia todas as súas cláusulas ata a entrada en vigor do seguinte.

Artigo 5º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais distribuídas de luns a domingo, tendo os traballadores dereito a un día e medio de descanso ininterrompido.

Os traballadores disporán de 15 minutos durante a xornada de traballo para tomar o bocadillo, contabilizándose este tempo como traballo efectivo.

Artigo 6º.-Definición de categorías profesionais.

a) Oficial de pa: será aquel traballador que verificará as funcións inherentes á cocción, comezando pola posta a punto do forno para introducir o pan, a realización deste, coidado dos instrumentos necesarios para o traballo no forno e o funcionamento das caldeiras.

Adquirirán a categoría profesional aqueles traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos 8 anos.

b) Oficial de masa: é o traballador que ten ao seu cargo os traballos de amasadura e preparación dos lévedos, vixiando pola súa vez o bo funcionamento e o estado das amasadoras, efectuando a limpeza ou encargando de que o fagan axudantes ou aprendices sempre baixo a súa vixilancia.

Adquirirán a categoría profesional os traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de 3 anos como mínimo.

c) Oficial de mesa: é o traballador que ten como función primordial de confeccionar as pezas de pan, así como a división cando se utilicen ou non procedementos mecánicos de división.

Adquirirán a categoría aqueles traballadores que teñan unha antigüidade mínima de 3 anos na empresa.

d) Axudante: é o traballador que acredita a súa suficiencia pasados dous anos como mínimo de aprendiz na industria, e ten a función de auxiliar indistintamente o oficial de pa, o de mesa ou

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 231, do 26 de novembro de 2004.

nos traballos de confección das pezas, para alcanzar unha perfección nos seus coñecementos que lle permita ocupar postos de categoría superior.

Estes traballadores no momento que as súas funcións llo permitan, axudarán os traballadores encargados da confección das pezas, entaboándoas e limpando a panadaría.

Adquirirán a categoría de axudantes os traballadores que teñan unha antigüidade na empresa de polo menos de 2 anos.

e) Peón: é o traballador maior de 20 anos encargado de efectuar os labores para os que se necesita fundamentalmente o emprego da forza física, como trasladar a fariña, empillar a leña, carbón e ocupacións similares.

f) Limpador: é o traballador encargado de realizar os labores de limpeza do local, sen que poida realizar traballos de ningún outro tipo dentro da panadaría.

Artigo 7º.-Táboa de salarios que se aplicará desde o 1 de setembro de 2004 ao 31 de agosto de 2005.

-Oficial de pa: 22,81 euros diarios.

-Oficial de masa: 22,22 euros diarios.

-Oficial de mesa: 21,80 euros diarios.

-Axudante: 21,25 euros diarios.

-Mordomo: 22,21 euros diarios.

-Portador de pan a despachos: 21,80 euros diarios.

-Repartidor de pan a domicilio: 20,51 euros diarios.

-Oficial administrativo: 707,49 euros mensuais.

-Chofer repartidor: 22,81 euros diarios. Enténdese por chofer repartidor aquel que se despraza a distintas poboacións.

-Limpador: 478,40 euros mensuais.

1. Aboaranse 42,60 euros nos meses traballados en concepto de servizo nocturno, sendo proporcional aos días traballados durante o mes.

2. Aboarase a cantidade de 13,58 euros nos meses traballados en concepto de gratificación do horario.

Estes dous primeiros puntos aplicaráselle ao persoal que se encarga da elaboración.

3. Os traballadores da empresa terán dereito a percibir 1 kg de pan diario, incluídos os períodos de vacacións, baixa por enfermidade e accidentes. ao valor do quilogramo de pan para os efectos de cotización á Seguridade Social será de 0,60 euros.

Artigo 8º.-Pagas extraordinarias.

De vencemento superior ao mes. As gratificacións extraordinarias de Nadal e xullo, así como a de San Honorato, serán equivalentes ao importe dunha mensualidade cos seguintes conceptos: salario base, beneficios e antigüidade. Cada gratificación será o salario real que para cada categoría se establece neste convenio de empresa.

As pagas de xullo e Nadal cobraranse integramente, a pesar de encontrarse o traballador en período de incapacidade temporal.

Artigo 9º.-Revisión salarial.

Os salarios que figuran no artigo 6 deste convenio serán revisados anualmente sempre de acordo co índice do custo da vida publicado todos os anos polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 10º.-Vacacións.

Todos os traballadores desfrutarán de períodos de vacacións retribuídas na contía dunha mensualidade de salario real, e de conformidade coas seguintes condicións:

a) Terán unha duración de 30 días naturais.

b) As vacacións gozaranse 15 días continuos entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, e os restantes 15 días gozaranse de acordo cos criterios establecidos no Estatuto dos traballadores.

c) Deben ser comunicadas á empresa con dous meses de antelación.

Artigo 11º.-Retribución do día de San Honorato.

Aboaranse a cada traballador da empresa 24,10 euros polo día de San Honorato que se celebra o 16 de maio. En principio o día non se considerará

festivo, a excepción de que así for pola natureza do día.

Artigo 12º.-Roupa de traballo.

A empresa está obrigada a facilitarlles aos seus empregados a roupa de traballo necesaria adecuada á función ou posto que desempeñen e esta unicamente poderá ser utilizada mentres dure a xornada laboral.

A roupa de traballo será entregada en dous momentos, un deles cando sexa asinado este convenio e a outra aos seis meses da sinatura.

Artigo 13º.-Período de proba.

Aplicarase o disposto na lexislación xeral vixente sobre esta materia.

Artigo 14º.-Paga de beneficios.

Os traballadores de taller ou fábrica dedicados á elaboración do pan, percibirán mensualmente en concepto de paga de beneficios o importe correspondente ao 15% do salario base deste convenio de empresa.

Artigo 15º.-Licenzas e permisos.

Terán dereito nos supostos taxativamente previstos no artigo trinta e sete do Estatuto de traballadores. O traballador percibirá durante a súa ausencia, o soldo real de acordo coa súa categoría profesional. Os permisos serán de:

-Catro días en caso de falecemento do cónxuxe.

-Tres días en caso de falecemento de pais e fillos; no resto suxeitaranse ao disposto no Estatuto de traballadores.

Artigo 16º.-Atrasos.

Os atrasos pagaránse nunha mensualidade, facéndoa efectiva no mes seguinte ao asinamento do convenio.

Artigo 17º.-Festivos.

Os traballadores terán dereito a desfrutar de catorce días festivos anualmente, dos cales os que non poidan ser desfrutados o propio día, deberán desfrutalos na mesma semana coa recarga correspondente.

Artigo 18º.-Antigüidade.

O persoal comprendido neste convenio percibirá aumentos periódicos por tempo de servizo dedicado a esta empresa. Os aumentos realizaranse na seguinte proporción:

-Dous bienios na cantidade de 5% sobre o salario base.

-Catro quinquenios do 10% sobre o salario base.

A acumulación de incrementos por antigüidade non poderá supor máis do 50% do salario base.

Artigo 19º.-Comisión paritaria.

Para chegar a bo termo nestas negociacións reuníronse o representante dos traballadores xunto co representante da empresa.

Artigo 20º.-Formación.

A comisión á que se alude no artigo anterior impulsará de forma inmediata ante os organismos competentes a creación de cursos de formación profesional orientados á especialización dos traballadores do sector.

Artigo 21º.-IT.

O persoal afectado por este convenio, no caso de accidente laboral ou enfermidade con hospitalización, serán remunerados normalmente ao 100 % do seu salario normal desde o día da súa hospitalización, sendo a cargo da empresa a diferenza entre a cantidade cobrada, segundo as disposicións da Seguridade Social, e o salario en situación de alta.

Tamén aboará a empresa o 100% do salario real no caso de enfermidade desde o día 20 ao 425 de baixa.

Artigo 22º.-Póliza de accidente.

A empresa estará obrigada a concertar no prazo de tres meses da contratación dun traballador, unha póliza de seguros para a cobertura dos riscos de falecemento ou incapacidade permanente absoluta derivada de accidente de traballo, que garante ao traballador a percepción, se é o caso, das seguintes indemnizacións:

-12.020,24 euros en caso de morte.

-15.025,30 euros en caso de incapacidade para todo tipo de traballo e invalidez absoluta.

A indemnización que sexa percibida polo traballador con cargo ao contrato de seguro considerarase como entregada á conta da indemnización que puidesen declarar con cargo ás empresas os tribunais de xustiza unha vez que exista unha resolución definitiva, sobresemento ou renuncia de accións.

Artigo 23º.-Premio por antigüidade.

Aqueles traballadores que leven traballando polo menos 10 anos na empresa e que causen baixa nesta de forma voluntaria entre os 60 a os 64 anos, terán dereito a gozar de vacacións retribuídas:

-De 180 días para os que cesen aos 60.

-De 120 días para os que cesen aos 61.

-De 90 días para os que cesen aos 62.

-De 60 días para os que cesen aos 63.

-De 30 días para os que cesen aos 64.

O goce destas vacacións, será efectivo coa correspondente antelación o cesamento efectivo na empresa, debendo comunicarllo o traballador de forma fidedigna e coa suficiente antelación a súa decisión de cesar na empresa.

Artigo 24º.-Mobilidade funcional.

Con independencia da adquisición da categoría profesional todo traballador terá dereito ao ascenso a unha categoría superior. Se como consecuencia da mobilidade funcional o traballador viñer realizando funcións de categoría superior ás da súa categoría profesional por un período superior a seis meses durante un ano ou oito meses durante dous anos, o traballador ascendería automaticamente á categoría profesional que estivese desempeñando durante ese período.

A empresa poderá encomendar aos seus traballadores a realización de cometidos de categoría inferior á súa por razóns técnicas, organizativas ou de produción que o xustifiquen por un tempo imprescindible para a súa realización.

Artigo 25º.-Empresas de traballo temporal.

A empresa cando contrate servizos de empresas de traballo temporal garantirá que os traballadores postos á súa disposición teñan os mesmos dereitos laborais e retributivos que lles correspondan ao persoal da empresa ao que afecta este convenio. Esta obriga constará expresamente no contrato de posta á disposición.

Non se poderán contratar os servizos destas empresas para traballos habituais. Só se poderán utilizar no caso de:

- a) Cubrir incapacidades temporais.
- b) Situacións extraordinarias.

Artigo 26º.-Revisión médica.

Todo o persoal terá dereito a efectuar unha revisión médica anual que será a cargo da empresa. Os resultados entregaranse aos traballadores.

Artigo 27º.-Contratación.

O contrato de duración determinada da modalidade eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, poderá ter unha duración máxima de 13 meses e medio dentro dun período máximo de 18 meses.

Esta duración será aplicable tanto aos novos contratos desta modalidade asinados a partir da entrada en vigor do convenio, como ás prórrogas dos contratos de traballo vixentes antes da súa entrada en vigor.

Artigo 28º.-Partes.

As partes que asinan este convenio de empresa son a empresa Pedro Beneitez Souto e os representantes dos seus traballadores.

Será nulo calquera pacto producido no ámbito de aplicación deste convenio, que non respecte os mínimos garantidos con carácter xeral no seu réxime salarial.

**Beneitez Souto, Pedro**

**Salarios 2004**

**-Mes de 30 días.**

<b>Categorías</b>	<b>Salario base</b>	<b>Benefic. 15%</b>	<b>Complem. horario</b>	<b>Nocturn. idade</b>	<b>Total mes</b>
Pa	684,22 €	102,63 €	13,58 €	42,60 €	810,61 €
Masa	666,43 €	99,96 €	13,58 €	42,60 €	790,94 €

Mesa	653,95 €	98,09 €	13,58 €	42,60 €	777,14 €
Axudante	637,42 €	95,62 €	13,58 €	42,60 €	758,06 €
Mordomo	666,12 €				666,12 €
Repartidor despachos	653,95 €				653,95 €
Repartidor domicilio	615,26 €				615,26 €
Oficial administrativo	707,49 €				707,49 €
Chofer repartidor	684,22 €				684,22 €
Limpador	478,40 €				478,40 €